


Ninguén nace antetempo...

David Daniel Vázquez Álvarez



BAÍA EDICIÓN S



David Daniel Vázquez Álvarez

Nace o 6 de agosto de 1953 en Arcos de Valdeorras. Vilamartín (Ourense)

Realizou os seus estudos na Bañeza, Astorga, e Ourense.

É mestre de Ensino Primario, exercendo en Abanqueiro, Boiro, Porto do Son, Samos e Vilamartín. Actualmente imparte maxisterio no Barco de Valdeorras.

Escribe novela, contos infantís e xuvenís. No baúl dormen varias historias agardando que lles chegue a súa hora.

Publicacións:

O ruliño branco (A. P. Vagalume, do Barco, 2005), libro de relatos curtos.

Orballo da mañá... (Colección «Meiga Moira». Baía Edicións. A Coruña, 2006).

Na solaina (Baía Edicións. A Coruña, 2008). Finalista do Premio Frei Martiño Sarmiento 2010.

Améndoas e flores silvestres (Colección «Meiga Moira». Baía Edicións. A Coruña, 2008).

Destello ámbar (Ediciones Albores. Sevilla, 2010).

Premios:

Primeiro Premio no II Certame de Poesía A Ouriceira, Val do Incio (1995), co poemario *Ribeirán do Sil*.

Primeiro Premio do VII Certame de relato curto convocado pola Asociación de Bibliotecas de Santiago de Compostela, coa súa obra *Laio na serra* (2008).

*Para cada muller, que, coas armas
do orgullo e da dignidade, non permite
que ninguén lle marque unha senda
de desprezo e vexación.*

*Para todas elas coa esperanza de que
non se rendan no seu desexo de
igualdade, a pesar de que lles falte
moito por camiñar.*

Ansiedade que reinaba no interior da húmida cova comezaba a facerse insoportable, por veces.

A calma e a harmonía que alí dentro reinaran durante anos e anos, íase desfecendo no aire como as febles nubes do último verán que apenas deixaran derramar unhas pingas de auga milagreira para encher de ledicia a ladeira da montaña.

O, noutrora, caudaloso río comezara unha angustiosa estiaxe nos meses que precederon ao curto outono que, de súpeto, se convertera nun inverno dunha crueza tal que as frías temperaturas se apou-sentaran nos dominios da montaña, cubertas de neve, de xeo e de tristura.

Nunca parecera, ata entón especialmente dura a estación das perennes nevaradas como o estaba resultando.

Na boca da cova, a entrada levaba polo menos catro ou cinco meses obstruída polo xeo e a neve almacenada, de xeito que asomar ao exterior resultaba case imposible.

Probaran os moradores, con grandes fogueiras na entrada. Permitían abrir un pequeno oco para que entrase furtiva a tenue luz do sol invernizo. Non valía de case nada porque ao anoitecer comezaban a pou-sarse no buraco milleiros de tímidas pingas algodono-sas que a volvían taponar deseguido.

Segundo Brei, nomeado xefe había moitos anos, ao pouco tempo de chegaren alí, procedentes das terras do Sur, despois dunha longa travesía pola desértica meseta, era mellor non malgastar a pouca leña que lles quedaba para facer grandes fogueiras, que de pouco lle servían.

En realidade nada resultaba suficiente na loita extrema que mantiñan contra as baixas temperaturas daquela estación, as máis frías que poderían lembrar os máis vellos do clan.

Segundo Agar, o meigo, o sabio, o feiticeiro, o máis ancián, era o castigo dos espíritos do Alén, das divindades, pola ousadía dun dos mozos novos de entrar a cazar no bosque prohibido. Brei achegábase xunto del, ao seu fogar, separado cunha ringleira de pedras colocadas de forma semicircular, xusto a uns metros da entrada, cada amencer, por se pola noite, en soños, percíbise un sinal polo que puidesen saber algo do insistente temporal de frío e neve ou das inquietantes sacudidas, case imperceptibles que se repetían no interior da cova, cada catro ou cinco días, con certa periodicidade e que estaban a consumir os habitantes da gruta.

Tratábase dunhas vibracións de pequena amplitude que afectaban o chan. Movíase baixo os seus pés

despois dun ruído xordo que semellaba chegar das entrañas da terra. Aquela axitación levaba xa varios días e cada vez que se producía aumentaba máis e máis o desacougo que reinaba entre as familias.

Soamente duraban as sacudidas uns segundos, un suspiro, pero producían un efecto aterrador nos habitantes do lugar, que por primeira vez en moitos anos comezaban a sentirse inseguros no seu refuxio e por veces ata sentían un estraño sentimento ou sensación que non sabían distinguir de que se trataba.

Era o medo ao descoñecido, ao inimigo invisible, aos espíritos, aos deuses, ao que fose quen provocase aquel estraño fenómeno.

Segundo os cálculos do vello Agar, e polo que lle indicaban as ozcas que cada xornada ao espertar gravaba no muro pétreo da súa estancia chea de humidade, debería estar a piques de entrar a primavera, pero non había o máis pequeno indicio de que o desxeo de cada ano fose comezar.

Ía para dez días que Brei convocara a todos os machos para unha reunión de urxencia no lugar máis recóndito da gruta, afastado do recinto semicircular onde se asentaban os fogares familiares, no mesmo oco en que se amoreaban nas paredes laterais pequenos debuxos con escenas de caza.

Cada un portaba, para a cerimonia, na súa man esquerda unha pedra cun buraco no centro, no que foran vertendo un pouco de graxa animal da que aínda quedaba, prendéranlle lume e colocáranas no centro da gran cámara sagrada. Na man dereita empuña-

ban as súas lanzas de madeira rematadas en punta e ben preparadas no longo inverno para cando houberse posibilidade de organizar unha cazaría.

O único que posuía o privilexio de non acudir ás reunións do clan sen a súa lámpada rudimentaria era Agar, que portaba, no canto dela, un corno, case cheo, dunha saborosa bebida fermentada a base de mel, auga e algunhas uvas, bagas que crecían no bosque prohibido, de cor rosácea violeta.

Antes de comezar as deliberacións consumirían sentados no chan aquela beberaxe da que tamén quedaba soamente unha pequena cantidade, gardada como ouro en pano na despensa de Aram, a curandeira, a compañeira de Brei.

Cada verán recollían as bagas e mesturábanas cun pouco de mel para que fermentase, xunto a unha insignificante porción de auga, durante un ciclo completo da lúa, no pelexo feito cun coiro de porco salvaxe, artisticamente preparado cando o esfolaran, de xeito que saíse case dunha peza para que servise ao seu propósito de gardar líquidos. Despois de filtrada a bebida e, cando deixaba de ferver, sinal do remate da fermentación e de deixala repousar outro ciclo, envasábana as mulleres, para a súa conservación, durante todo o ano, aínda que a elas non lles estaba permitido probala sequera... agás nas grandes celebracións, nas escasas cerimoniais ás que tiñan acceso.

Unha vez rematado o licor, que, de ser tomado en grandes cantidades lles facía perder o sentido, transportando a mente a misteriosos lugares imaxinarios, fíxose un profundo silencio.

Brei mirou a ambos os dous lados nos que se foran sentando segundo a súa escala, segundo o rango de cada quen na sociedade: xunto a el, Oga, o forte, tan astuto como o raposo da serra e teimudo como o xabaril; sería por iso que na súa bolsa de amuletos levaba sempre un pezuño negro do salvaxe porco de gran tamaño da súa primeira caza. El só o abatera, sen axuda de ninguén e entrara daquela a formar parte do grupo de adultos, cando aínda non cumprira os catorce anos.

Era o adulto de menor idade e o destinado por Brei para ser o seu sucesor. Así llelo fixera saber a todos tempo atrás, coa oportuna solemnidade.

De boa gana, o xefe, nomeara, daquela, ao seu fillo Zor pero non o aceptaría de bo grao o clan, porque aos seus dezasete anos aínda non encabezara cazaría ningunha nin se caracterizaba polo arroxado e a valentía que os demais amosaban. Sentaba o rapaz, o primoxénito do que mandaba, no outro extremo do círculo que formaban, a carón do seu avó, o meigo Agar.

Na esquerda de Brei colocábase Ura, outro mozo adulto, poucos anos maior que Oga, de escasas palabras, carente de todo tipo de escrúpulos e sentimentos, frío como o caramelo e valente como o lobo montesío... ese animal era o seu tótem, o seu protector.

Brei ergueuse sobre os seus talóns, golpeou o chan co pau da súa lanza:

—Brei quere preguntar a Agar, o meigo —pronunciou nun ton mesturado de desacougo e anoxo.

O vello, sen levantarse, alzou a cabeza para poderlle ver os ollos, claros, da cor do ceo azul verdoso do solpor da primavera:

—Agar escoita ao seu xefe e contestaralle do xeito máis sabio que os espíritos lle aconsellen —respondeulle coa calma que, de sempre, o caracterizara. Aínda nos momentos máis difíciles era quen de someter o seu corpo, a súa expresión, ao ditame sereno do seu pensamento.

—Os varóns da tribo pensan que deberíamos expulsar de entre nós o mozo Cor por atreverse a cazar no bosque prohibido e atraer coa súa ousadía a desgraza a esta familia —pronunciou elevando o seu ton de voz parsimonioso.

Algúns asentiron coa cabeza golpeando con feza o chan co mango da lanza.

Tiña o bosque algún estraño encantamento, segundo un antigo morador da cova que atoparan moribundo cando chegara a ela para tomar posesión Agar e a súa pequena tribo, moitos anos atrás.

—Hai moitas primaveras, máis das que nós podemos ser capaces de contar, porque nos perderíamos no infinito, existía na ladeira sur desta montaña un pequeno val oculto no que se escondía o bosque. Nel estaba prohibido cazar nin loitar, tanto aos humanos como aos mesmos animais. Chamábaselle a rexión do silencio, da paz absoluta. Naqueles afastados tempos que a nosa mente non é capaz de lembrar nin o noso pensamento dá imaxinado... os nosos antepasados non coñecían a caza tal como nós a practicamos decote,

nin eran conscientes das riquezas que a terra albergaba. Era o lugar, un remanso de paz, ata que un día, un iniciado cazador rompeu o tabú e penetrou armado entre as frondosas árbores que o poboaban e derrubou un pacífico animal, fermoso pola súa pel multicolor, co único afán de facer unha capa co seu pelexo. A garda do bosque, a ninfa Flor, chorou varias lúas desconsolada a morte violenta do animal derramando no seu pranto tantas bágoas que se formou un gran lago de augas cristalinas que xamais serviron de acubillo a ningunha especie de peixe. Enviou por aquel entón unha manda de lobos feroces de afiadados cabeiros, a vixiar a entrada para que ninguén polo resto dos tempos puidese penetrar de novo. As plantas que ata entón serviron de remedio milagreiro para as doenzas dos habitantes do val nunca máis puideron ser tocadas por mans humanas e o lago converteuse nunha simple parada para as aves que se achegaban das terras do Norte e do Sur na procura dun lugar axeitado en que pasar os duros invernos glaciares. Transcorreron moitos anos desde entón e o home queimou a madeira do bosque, cortou as súas árbores, comeu os seus animais e profanou os seus espíritos... nada queda que poida darnos unha idea daquel frondoso bosque enfeitizado e misterioso.

—Entón Cor non pode ser culpable de profanar o lugar sagrado —atreveuse a xesticular Igor, un dos de máis idade. Ben coñecía que non debería opinar ata que lle tocase a quenda e menos ao tratarse do seu fillo, o presunto infractor. Con todo decidiu proseguir:

—Somos poucos na nosa comunidade para permitirnos prescindir dun cazador dos máis fortes. Gara,

a súa compañeira e parella, quedaría soa ao coidado de dous fillos xemelgos.

Escoitaban con atención, sen pestanexar sequer. Era Igor un macho forte e dos de maior estatura do grupo, un arriscado cazador, sen medo a ningún animal por moita ferocidade que amosase no intre final da loita. Comezaban no entanto, a diminuír as súas facultades pola súa idade. Estaba a piques de entrar na ancianidade.

Tivo que ser Brei, poucos anos tan só máis novo ca el, quen o interrompeu:

—Irmán Igor... non podemos permitir que os costumes e as tradicións dos nosos antepasados, da nosa raza, sexan vulnerados, se non queremos que a desgraza e a maldición divina caia sobre nós como un lóstrego asasino.

Igor sentou de novo e calou. Sabía que debería permanecer en silencio. Os demais abaixaron a mirada cara ao chan, onde as sombras xogaban coa luz das lámpadas.

Despois duns momentos inacabables de reflexión levantouse de novo Brei, facendo un aceno ao meigo para que se erguese tamén. Un tras outro foron os demais facendo o mesmo, imitando ao xefe.

Cando todos estiveron de pé sen ousar mirarse fixamente aos ollos, cousa que estaría mal nun acto de tanta transcendencia, foi Cor quen falou:

—O mozo Cor desexa dirixirse aos seus compañeiros –mirou para Brei cun xesto de humildade.

—Cor ten o permiso que solicita para expresar todo aquilo que desexe na súa defensa.

—Cor soamente quere que o clan tome a decisión acertada e está disposto a asumir a súa condena se así se lle ordena –axiña rematou. As poucas palabras que pronunciou soaban a despedida, mirando de esguello para o seu pai. Logo afastouse e abandonou a reunión como era a súa obriga. Foi cara ao seu fogar onde agardaban sentadas xunto á fogueira todas as femias.

Cando se decataron de que se achegaba o mozo con pasos lentos cara a onde estaba a súa familia comezaron a erguerse para abandonar o lugar e dirixíronse aos seus fogares dentro da cova.

Gara achegouse a el, apertoulle forte a man e mirouno aos ollos. Estaba sereno, non tiña os puños pechados con forza como cando almacenaba no seu corpo a ira nalgunha situación ou a impaciencia antes da caza. Mirou para Dor e Dam, os seus fillos xemelgos que durmían placidamente enriba dunhas pallas pousadas no chan, envolvidos nos mulidos coiros de raposo cos que estaban feitas as súas mantas, cubríndoos ata o colo.

Cor descubriunos un pouco para observar o movemento compasado, cando respiraban, do seu peito, alleos á traxedia que podía aveciñarse nos días seguintes.

Eran dous meniños gordechos, de pelo acastañado como case todos os habitantes da tribo. Segundo Gren, a avoa paterna, dous netos machos eran a me-

lloz bendición que os deuses do descoñecido podían enviar aos humanos. Eran, os pequenos, a ledicia do clan, sempre corricando de fogar en fogar aínda que Brei, o avó por parte de nai sempre lle recomendase a Gara que os pequenos debían ser educados na disciplina como todos os membros da familia para que a convivencia fose o máis pacífica posible.

Gara achegouse ao catre e volveunos tapar para que non os collese o frío cando pola noite adiante a fogueira se fose apagando.

Sentou a parella fronte ás lapas amortuxadas da pequena lareira cubertos coas mantas de coiro e pelo coa intención de agardar espertos, cheos de incerteza, a sentenza da asemblea que semellaba non ía rematar, cando menos, ata medianoite.

No fondo da cova non se percibían síntomas de que houbera disensión, non se escoitaban voces como ocorría case sempre, sinal de que non rifaban, máis ben expoñían alí dentro os seus argumentos con calma. Era unha decisión demasiado importante como para tomala baixo a presión da ira ou nun estado de ánimo de confusión e de tensión acumulada.

Cumpría o acougo e a reflexión, máis que nunca.

Ía amencer cando, por fin, se ergueu de novo sobre os seus xeonllos Brei ante os demais, visiblemente esgotados pola longa deliberación que durara toda a noite. A decisión que deberían tomar era de vital importancia:

—O castigo para Cor, compañeiro de Gara, a miña filla, e pai de dous membros do clan, da mesma estirpe ca min, de todos é coñecido: será expulsado da comunidade, en canto amañeza e abandonado á súa sorte e á que lle queiran deparar os deuses coa soa protección do espírito, do seu tótem protector, o chacal das chairas. Deixará a súa familia, á que non poderá volver achegarse e sobrevivirá se os deuses llelo permitisen. Esa é a decisión de Brei con gran pesar do seu corazón.

Cando rematou, tomou asento de novo, mirando fixamente para Oga, segundo ao mando. Este incorporouse decontado e mirou un por un a todos os demais:

—Que así sexa. Ninguén pode transgredir as normas establecidas na nosa sociedade —sentenciou,

pousando con forza o seu puño pechado contra o peito en sinal afirmativo.

Ao tomar asento Oga, foi Igor quen se incorporou con ansiedade, coa man aberta ensinando a palma brillante impregnada nunha amarga suor. Non tiña forzas para condenar o fillo da súa parella:

—Non. Debe vivir –pronunciou cun ton de voz seco. Tomou asento cedéndolle a quenda a Flo, sentado á súa dereita.

Axiña se pronunciou afirmativamente golpeándose tamén co puño no peito á altura mesmo do corazón que lle palpitaba forte como se lle fose estalar e desfacerse en mil anacos. Nunca tivera que tomar unha decisión de semellante calibre e, aínda que non desexaba pensar nas consecuencias, era consciente de que as leis estaban para cumprilas e os mandados da tradición deberían ser aceptados e respectados por todos para que a convivencia non se degradase e os espíritos non se anoxasen.

Ura foi o seguinte.

Levantouse cunha exasperante parsimonia. Era un mozo solitario de aspecto rudo, de moi poucas palabras, admirado por toda a tribo, a pesar de que semellaba estar sempre ausente, centrado nos seus labores de tallado dos ósos, da madeira e da confección de novas armas para a caza. Ademais dun experto lanzador coas boleadoras, quen de derrubar coas mazas de pedra ao animal de maior tamaño, era quen de facer os coitelos máis afiados e os arpóns máis dereitos coas súas ferramentas de pedra, óso ou madeira de reboło.

—Non. Non debe ser castigado –pronunciou sen máis. Pensou que non sería conveniente dar máis explicacións. Era todo canto debería dicir.

Tocáballe a continuación a Zor, colocado xunto ao seu avó Agar, como se estivese baixo a súa protección, toda vez que Brei, o seu proxenitor estaba a bastantes metros del. Sentiu un repentino calafrío como nunca lle pasara antes, cando se deu conta que o que el pronunciase podía ser altamente decisivo... soamente faltaban o seu voto e o de Agar, o meigo, o sacerdote.

Nos seus dezasete anos non tivera ocasión de enfrontarse directamente ao que a tribo agardaba del, por ser fillo do xefe. Non puxera obxección ningunha en que o seu pai un bo día decidise nomear xefe, no futuro, a Oga, nin tampouco ao feito de que se demorase infinitamente a súa cerimonia de maioría de idade, de virilidade, ao non creerse capacitado para ningunha das funcións que del se agardaban.

Conformábase con dedicarse aos seus pensamentos que os seus conxéneres non compartían, ás súas cavilacións que case nunca contaba a ninguén ante o temor de que o desen por tolo e o abandonasen á súa sorte. Era esa unha idea que non podía soportar porque non sería quen de sobrevivir coa soa axuda das súas forzas.

Se aínda non tivera o valor necesario para dirixir unha cazaría e así entrar no mundo dos adultos, como ía ousar pronunciarse ante os demais membros do clan en tan importante decisión?

Sentiu unha forte opresión no peito. Non estaba acostumado a ser o branco de todas as miradas expectantes dos seus conxéneres:

—Non debe ser condenado, non podemos maldicilo. Nós non temos autoridade para decidir se un irmán noso debe vivir ou, se pola contra, debe camiñar ao seu encontro cos espíritos —explicou subitamente sen que os demais desen creto ao que escoitaban. Agar, o meigo ergueuse como se un resorte o empurrase no chan:

—Entón, que facemos? —preguntou abraiado. O razoamento do rapaz deixouno sen palabras.

Non quería tomar el a derradeira decisión e polo visto non lle quedaba outra alternativa. No fondo estaba convencido de que o seu neto Zor non ía pronunciarse a favor nin tampouco en contra, co cal non tería el mesmo que dicir nada. Pero contra todo prognóstico, fixérao e agora todo dependía del, da súa opinión, do seu ditame. Inconscientemente mirou para Zor, como se lle estivese a pedir o valor que el acababa de amosar por unha vez.

O rapaz tomou asento en canto rematou a súa intervención pero optou por erguerse de novo cunha enerxía que semellaba virlle infundida por unha forza superior a el, como se non fose el que falase:

—Nós, os humanos, non temos dereito a decidir a vida dos nosos semellantes. Se a desexan dirixir os deuses, os espíritos, que sexan eles quen o fagan, que dean un sinal claro do que debemos facer. Podemos decidir sobre a vida dos animais que nos serven de

sustento, pero non posuímos dereito ningún para facelo sobre a nosa propia existencia e menos aínda sobre as dos nosos irmáns, nin sobre os da nosa mesma especie.

Cando rematou de expresar a súa xustificación ao voto en favor de Cor, sentou confuso, como se fose traizoado polos seus pensamentos que sempre mantivera ocultos.

Un profundo silencio se fixo no santuario, na sala de reunións e das cerimoniais sagradas. Agar mirou para o mozo, para Zor, antes de expresar en voz alta con firmeza:

—Agar tense que opoñer á decisión de Brei. Cor non pode ser maldito para sempre: esa é a decisión deste Consello por maioría –volveu dirixir a súa mirada ao seu neto. Estivo a piques de confesarlle que se sentía orgulloso das súas palabras, pero contivo a súa lingua, non dixo nada: levantou o brazo, estendeu a man diante da súa boca e abriuna amosando aos seus compañeiros a palma encalecida polos anos.

Cor fora absolto, senón da súa culpa, que debería levar sempre con el, si da segura morte que o agardaría fóra das húmidas paredes da caverna sen nada para defenderse da neve, do xélido aire frío que viña do Norte, da intemperie, do inverno que non ía rematar nunca, da soidade, da fame, do abandono...

Non prendeu o sono en toda a longa espera fóra do salón sagrado, nos fogares familiares. Agás Gara, que permanecía xunto ao seu dono e os pequenos, as demais familias permanecían ao carón do fogar de

Lana, a anciá compañeira de Agar, nai de Brei. Era uns poucos anos maior que o seu home, a muller máis respectada non só pola súa idade, nin porque o seu fillo fose o xefe ou o meigo o seu compañeiro desde que lle fora entregada en propiedade, ningún lembraba cando. A súa lingua nunca podía conter os pensamentos cando se atopaba con algunha situación inxusta, o que lle costara algunha que outra labazada do seu amo e señor. Non ocorría moitas veces como pasaba noutros fogares cando algunha das femias non obedecía ao seu compañeiro ou non estaba disposta a satisfacer os seus desexos carnaís colocándose de xeonllos ante el.

Debían, as femias, ter moi claro e sen ningunha dúbida cal era o seu rol, o seu rango dentro da sociedade, cales eran as súas limitacións e as súas funcións dentro da gran familia que pretendía ser o clan: recoller os froitos cando chegaba a primavera e o verán, apañar leña para o inverno, preparar a comida para os cazadores, atender os fillos e fillas e, sobre todo, permanecer sempre sas para albergar crías fortes e válidas para a sociedade no momento que as divindades quixesen pousalas no seu ventre... a poder ser varóns para que nunca faltasen cazadores.

Aram, a curandeira, preparou nunha bolsa de coiro unha infusión de follas de estramonio e cos diminutos grans que contiña nas súas vainas que ela mesma se encargara de recoller no outono, antes de que comezaran os fríos daquel inverno interminable.

Cando saísen os homes da súa asemblea collería un coio do lume e colocaría dentro da bolsa para

que fervese uns minutos. Deberían tomar a bebida quente para poder durmir despois da intensa deliberação que viñan de facer. Sería preciso que a inxerisen, porque o estado de excitación, de anguria, se respiraba por todos os recantos.

Na despensa de Aram, quedaban xa moi poucas herbas, moi poucos remedios, polo que era preciso administrarlos con medida. Tiñan que aguantar ata a seguinte recolección, cando entrase o verán e estivesen todas as follas e froitos cumpridos. Os sedantes máis potentes, estramonio e mandrágora, estaban a piques de rematarse. As bolsas ben atadas cunha tira de coiro sacada dalgún pelexo de animal estaban case baleiras.

Para Aram as dúas plantas resultaban imprescindibles na maior parte dos accidentes de caza ou cando alguén se fracturaba un óso: eran as súas infusións o único remedio eficaz para a dor cando esta se facía insoportable.

Cando comezaron a saír da fenda que daba á sala sagrada onde estiveran reunidos, fixérono con Brei, o xefe, á cabeza. Os demais seguían en ringleira de a un, na mesma orde en que entraran.

Avanzaron lentamente ata o fogar de Cor, que se ergueu agardando con serenidade o veredicto final. Brei detívose diante del con lentitude, levantou a súa man dereita ante a expectación de todas as femias, logo estendeu a man, amosándolle a palma en sinal de que non ía ser condenado e maldito para sempre. Un suspiro de alivio e de emoción contida saíu silencioso de todas as bocas. Logo púxolle a súa forte man no ombro:

—Os meus netos non precisaran un novo titor, nin Gara, filla do meu sangue, terá que ser entregada a outro macho que a manteña.

O mozo non respondeu nada, agradeceulle aos seus compañeiros a decisión tomada e fixo unha inclinación de humildade abaixando a cabeza. Sabía que a pesar diso estaría en débeda con eles e sempre tería que ser submisivo, posto que desde aquel intre lles debería a vida a todos eles, non a ninguén en particular.

O que alí dentro pasara ninguén máis que os presentes o coñecería. Non estaba permitido volver falar do que acontecera, de cal fora o veredicto de cada quen. Aquel que ousase desvelalo sería castigado coa mesma pena que alí se debatera. O acontecido na asemblea era algo sagrado que non se podería contar a ninguén. Os segredos eran os pensamentos dos espíritos e como tales deberían ser tratados, ao non estaren formados por palabras nin por sons.

—Quen ouse contar algún deses pensamentos non pode ser merecedor das cousas do máis alá —escoitáralle Zor ao seu avó, cando de máis pequeno se encargaba da súa preparación e da precisa formación que necesitaba se algún día o seu pai decidía nomealo o seu sucesor na xefatura. Iso non ocorrería, pois a importante misión recaera en Oga, máis forte ca el e mellor dotado para dirixir o clan.

Todos os varóns da cova, sen excepción ningunha, tomarían uns grolos da máxica infusión que Aram foi vertendo nas cuncas de madeira feitas a man de grosas pólas de carballo que pacientemente Ura fora

baldeirando por dentro coas súas ferramentas de pedra, na escuridade do seu fogar, aquel mesmo inverno coa axuda de Zor, sempre disposto a aprender novas cousas. Ura prometéralle que o ía ensinar a lanzar as boleadoras con precisión e mesmo cazar pequenos animais co tirafonda, no que era o máis destro do grupo.

Uns momentos despois de tomar a beberaxe ficarían sumidos nun pacífico sono reparador, aínda que terían que sufrir os pesadelos que acudirían á súa mente por moi profundo que fose o adormecemento.

Non existían para eles soños bos nin malos e desagradables. Todos eran a mesma cousa, xa que ao espertar non resultaban reais, eran soamente aquilo que os espíritos ou o tótem de cada quen, poñía no seu cerebro cando, por efecto da droga, non eran capaces de dominalo.

Talvez fosen cousa da memoria, a mesma que lles permitía en contadas ocasións ter lembranzas de feitos non demasiado afastados no tempo.

Quen mellor se lembraba de acontecementos pasados adoitaba ser Zor, quizais era pola forma da súa cabeza, un pouco distinta á dos demais. As diferenzas resultaban case imperceptibles pero cando nacera e durante moitas lúas pensaran que sería un eivado e como tal a piques estiveran de abandonalo na montaña para que ficase devorado polas animalias salvaxes.

Non tiña o mozo a fronte fuxidía como seu pai e súa nai, nin a mandíbula inferior tan prominente

como eles. O seu nariz era un pouco maior e a pesar dos seus dezasete anos aínda a súa barba non era todo o poboada que debería. En cambio, crecera igual de forte que os demais, aínda que non posuía a destreza no manexo das armas nin o arroxado de Cor, nin de Oga, pouco maiores ca el, nin de Ura, os tres da anterior xeración que, con todo, case lle dobraban en idade.